

# BOLETÍN DE IGUALDADE

*Publicación mensual da Unidade de Igualdade*



Algunhas das mulleres da escola Bauhaus

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

## **Unidade de Igualdade**

Edificio Ernestina Otero 1º andar  
Campus universitario  
Vigo-36310  
igualdade@uvigo.gal  
986 813 419



---

## CONTIDO

---

AXENDA .....	4
FORMACIÓN .....	4
CONGRESOS E SEMINARIOS .....	4
CONVOCATORIAS .....	4
SUXESTIÓNS .....	5
RECURSOS .....	7
NOVAS DO DUVI.....	10
NOVAS .....	10
DATOS .....	10
FERRAMENTAS DE IGUALDADE .....	12

# NOVEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
44	30	31	1 Día de Todos os Santos	2	3	4	5
45	6	7	8	9	10	11 San Martiño — Festivo local en Ourense	12
46	13	14	15	16	17	18 Día Internacional das Persoas LGBTQI+ na Ciencia	19
47	20 Día Internacional da Memoria Trans	21	22	23	24	25 Día Internacional contra a Violencia Machista	26
48	27	28	29	30	1	2	3

---

## AXENDA

---

09 de novembro: **Maratón de creacións dixitais feministas** da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo. Evento non aberto ao público. Os resultados presentaranse no Workshop Stop Machitroles.

23 de novembro: **Tecendo mundos feministas: desafacer a violencia reparar a esperanza**  
Relatorio a cargo de Lydia Cacho Ribeiro e actividade creativa simultánea coa artista textil Maritza Berttolini. No auditorio do Concello de Vigo, ás 19:00 h. Actividade realizada coa colaboración do Concello de Vigo.

As accións seguintes están desenvoltas no marco das [axudas para a organización de actividades docentes que promoven a perspectiva de xénero e as actividades que contribúen á sensibilización en materia de xénero e á transmisión de valores igualitarios](#), impulsadas pola Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

**V Xornada «Control de xestión desde unha perspectiva de xénero»** [+Info](#)

30 de outubro ás 19:00 h

**Ciclo de conferencias «A fenda de xénero dixital: construíndo a internet e as relación sociais dende o empoderamento feminino»**

15 de novembro, ás 13:00 h, Teresa Piñeiro. «Disfuncións da comunicación dixital. Unha cuestión de xénero»

---

## FORMACIÓN

---

**Workshop Stop Machitroles Creadoras de contido feministas**

16 de novembro no edificio de Redeiras, en formato híbrido presencial e en streaming.

**E ti, sabes como actuar fronte ao acoso?**

En dúas convocatorias, o 24 e o 29 de novembro. Acción destinada a persoal da Universidade de Vigo.

**4ª Edición do MOOC sobre Masculinidad y violencia** [+Info](#)

A período de realización comeza o 6 de novembro.

**IV Ciclo de Seminarios Conversatorios sobre Masculinidades, Género e Igualdad** [+Info](#)

---

## CONGRESOS E SEMINARIOS

---

**I Encontro Internacional de Mulleres Indíxenas: Repensando a Igualdade desde a Sororidade e o Ben Común** [+Info](#)

8, 9 e 10 de novembro no Salón de Actos da Facultad de Psicología da Universidad de Sevilla

**International Congress on Gender Perspective and Feminisms** [+Info](#)

Organizado pola cátedra de Perspectiva de Género y Feminismos da Ciudad de Cornellá, terá lugar o 11 e 12 de decembro. Custo de inscrición reducido para estudantes, predocs, persoas en desemprego ou retiradas.

### **European Conference on Politics and Gender: Avanzando cara a unha ciencia política feminista antirracista en Europa [+Info](#)**

Organizada por Advancing Political Science, o European Consortium for Political Research na Ghent University do 8 ao 10 de xullo de 2024.

## **CONVOCATORIAS**

---

### **4ª Edición dos Premios Fundación Real Academia de Ciencias ao Novo Talento Científico Feminino 2023 [+Info](#)**

A convocatoria ten catro categorías: matemáticas, físicas e química, bioloxía e xeoloxía e aplicacións da ciencia á tecnoloxía, todas con dotación económica. O prazo de presentación está aberto ata o 31 de outubro.

### **IV Premio Cátedra AgroBank al mejor trabajo final de máster [+Info](#)**

Convocatoria aberta para alumnas que obtiveran un título de mestrado oficial nunha universidade española durante o curso 2021-2022, a través dun TFM nalgũa temática relacionada coa calidade ou a innovación no sector agrario u alimentario. Prazo aberto ata o 15 de novembro.

Premios Sofía Novoa á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster

### **VIII Congreso Economía Feminista [+Info](#)**

Presentación de propostas ata o 30 de novembro.

### **Caleidoscopios da intimidade. Xénero e autoficción [+Info](#)**

Chamada a achegas para o próximo número da revista Asparkía ata o 30 de novembro.

**The journal *ex æquo* is calling for submissions for a special issue on Gender and Language: Perspectives and challenges/Número temático sobre Género e Linguagem: perspectivas e desafíos. [+Info](#)**

### **Edición Congreso Ciencia, feminismo e masculinidades [+Info](#)**

Presentación de comunicacións ata o 18 de decembro. O encontro desenvolverase en formato híbrido o 1 e 2 de marzo de 2024.

## **SUXESTIÓNS**

---

Segundo a organización israelí Centro de información para os Dereitos Humanos no Territorio Ocupado [B'Tselem](#), desde 2001 e ata o pasado setembro, 10 555 palestinas e palestinos foron asasinados polas forzas israelís, 7 779 en Gaza e 2 653 en Cisjordania. Ao lado israelí, contabilizaran 550 civís en Israel, 39 en Gaza e 292 en Cisjordania. B'Tselem tamén leva un [rexistro das](#)

[demolicións](#) de casas levadas a cabo polo goberno israelí e o número de persoas que quedaron sen fogar desde o ano 2006, que ascendía a 8 614 segundo os últimos números publicados.

O 04/10/2023, [miles de mulleres organizadas](#) no movemento pacifista de base máis grande de Israel, con 44 000 integrantes, [Women Wage Peace](#) e a asociación palestina [Women of the Sun](#) xuntáronse nunha marcha histórica para tratar de «deter o ciclo de derramamento de sangue e cambiar a realidade do difícil conflito entre os pobos (...)». Estas mulleres utilizan un pano turquesa como símbolo da súa unión na busca dunha solución pacífica ao conflito.



O 7/10/2023 o grupo armado Hamas lanzou unha operación contra Israel na que atacaron 22 cidades e bases militares e tomaron como reféns a persoal militar e a poboación civil (que o 27 de outubro as Forzas de Defensa de Israel cifraban en 229 persoas) e mataron a 1 400 persoas.

No mes no que se denuncia a violencia perpetrada contra as mulleres, o 25 de novembro, no contexto actual é preciso lembrar como **as guerras son un marco da expresión extremo da violencia**. Os sistemas bélicos constitúen un cuantioso capital que precisa reforzar constantemente a súa necesidade de poder e dominio. Nesta concepción prevalecen a eliminación do inimigo, a conquistado territorio e –segundo analiza en diferentes informes a ONU–mulleres e nenas é son susceptibles de recibir violencias específicas só polo feito de ser mulleres.

A data do 20/10/2023, a oficina [UNWOMEN](#) informou de que 6 625 mulleres e menores foron feridas polos recentes ataques do exercito israelí contra a poboación palestina, 493 000 das persoas refuxiadas ata ese día eran mulleres e nenas, e 900 mulleres viúvas recentes pasaron a ser as únicas responsables das súas familias.

As mulleres gazatias, polas súa situación actual de emerxencia, teñen necesidades e vulnerabilidades únicas, ás que se une a condición de discriminación estrutural de xénero. Segundo denuncia esta oficina internacional «aumentan os riscos das mulleres de sufrir violencia de xénero e inseguridade alimentaria, e fainas máis propensas que os homes a vivir en refuxios temporais deficientes cando son desprazadas». Se temos en conta que a Franxa de Gaza ten un [índice de natalidade](#) moi alto, hai que engadir a situación de vulnerabilidade que viven as 50 000 mulleres embarazadas que hai na actualidade entre a poboación dese territorio.

Uns datos que, mentres non cesen os bombardeos, seguirán medrando entre a poboación civil palestina e israelí. Por iso, sumámonos á declaración feita polas organizacións de mulleres pacifistas

e pedimos un acordo inmediato para poñer fin ao conflito e o cese dos ataques sobre a poboación civil.

Ofrecemos algúns outros recursos de interese para continuar afondando nestes contidos:

- [Ettijah, as primeiras rapeiras que reivindican os seus dereitos](#)
- *Un detalle menor* de Adania Shibli
- [Repertorio](#) de películas e series sobre o conflito árabe-israelí.
- [Palestina: la vida en estado de sitio](#) (2021). Mesa de debate coa participación da activista palestina Soraida Hussein, fundadora da organización feminista palestina Women's Affairs Technical Committee (WATC), e Marta Agostí, investigadora en violencia de xénero e sexual da Escola de Estudos Africanos Orientais (SOAS-Universidad de Londres).
- [Las otras voces de Israel y Palestina](#) (2008) Un documental para presentar o traballo realizado pola sociedade civil palestino-israelí co fin de lograr unha solución pacífica do conflito desta zona

## RECURSOS

---

**Terceiro informe do Observatorio de machismo dixital Stop Machitroles (GA) [+Info](#)**

**Stop Machitroles. Os medios como (re)produtores da ciberviolencia simbólica. Xornalistas Galegas. [+Info](#)**

**Índice de Igualdade de Xénero 2023 (EN) [+Info](#)**

España alcanza a súa mellor posición, obtendo 76,4 sobre 100 puntos, o que nos sitúa no cuarto lugar, a continuación de Suecia (82,2), Países Baixos (77,9) e Dinamarca (77,8). Dos seis indicadores dos que se recollen datos no 2023 (cartos, coñecemento, poder, tempo, traballo e saúde), os mellor considerados son saúde, con 91,2 puntos, no sexto posto de países avaliados, e poder, con 81,1 sobre 100, e a terceira mellor puntuación deste apartado.

**Informe de Avaliación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (ES) [+Info](#)**

**Estudo sobre a evolución da violencia contra as mulleres na infancia e adolescencia (ES) [+Info](#)**

Informe da Fundación Anar con financiamento do Ministerio de Igualdade. O estudo analiza o testemuño de 20.515 nenas e adolescentes que viviron situacións de violencia machista, e que utilizaron o teléfono/chat da asociación nos últimos catro anos. Dispoñible para descarga a través do correo electrónico.

**Patróns de xénero e retención entre o profesorado estadounidense (EN) [+Info](#)**

Os lugares de traballo tóxicos son a principal razón pola que as mulleres abandonan os traballos académicos (EN) [+Info](#)

Mulleres tecnólogas en España. Informe 2022 (ES) [+Info](#)

«Xa é suficiente»: abordar o sexismo, o acoso sexual e o abuso de poder no ámbito académico e sanitario español (EN) [+Info](#)

Xornada de sensibilización en xénero: «Feminismos interseccionais: raza, sexo e xénero na literatura e cultura popular contemporánea» [+Info](#)

Os muros falaron cando ninguén máis o faría: notas autoetnográficas sobre o control do poder sexual dentro da academia de vangarda (EN) [+Info](#)

O libro *Sexual Misconduct in Academia: Informing an Ethics of Care in the University* (2023) foi retirado temporalmente pola editorial Routledge - Taylor & Francis Group polas presións ante a denuncia que se facía neste capítulo dos comportamentos inapropiados dun docente estrela nun centro de investigación, a pesar de que non indicaba nin quen era o profesor nin o centro. Agora, un grupo de académicas ten aberta unha [campaña](#) para recoller posicionamentos fronte a estas prácticas de poder académicas e editoriais.

Conexións entre a violencia familiar e a violencia na esfera pública en Afganistán (EN) [+Info](#)

O impacto da educación e a dixitalización na participación feminina na forza de traballo nos BRICS (Brasil, Rusia, India, China e Sudáfrica): unha panel avanzado de análise de datos (EN) [+Info](#)

Violencia de xénero inducida pola covid: revisión de alcance de África entre 2020 e 2022 (EN) [+Info](#)

Monografías Feministas Cuidados Núm. 2 Setembro de 2023 [+Info](#)

Revista semestral do Instituto de las Mujeres.

Diferenzas de xénero nos envíos de subvencións nos campos da Ciencia e da Enxeñaría na NSF (National Science Foundation) (EN) [+Info](#)

Informe Prostitución e Trata 2022 (ES) [+Info](#)

Formación en igualdade de xénero en ciencia 2023 [+Info](#)

A Comisión Mujer y Ciencia da Sociedad Española de Astronomía (SEA) fai públicos os vídeos das primeiras sesións do curso que organizan.



***Dorothe na Vila*** (2020) [+Info](#)

Guión e dirección de Alejandro Gándara e Olaia Tubío. Subtítulos dispoñibles en galego, español, inglés e portugués. Tras o falecemento de Dorothe Schubarth o 6 de setembro de 2023, o equipo do filme decidiu poñelo en aberto para facelo accesible, seguindo os desexos da musicóloga.

**A industria dixital, os novos proxenetos do cibersexo** (ES) [+Info](#)**Progresos nos ODS: a instantánea de xénero 2023** (EN) [+Info](#)**Atlánticas. Revista internacional de estudos feministas. Volume 8, número 2 (2023)****Xestación comercial: unha nova plusvalía xenérica** (ES) [+Info](#)**Dez regras simples para unha academia amigable coa maternidade** (EN) [+Info](#)**Comprender a violencia económica contra as mulleres: a necesidade de definicións e datos harmonizados na UE** (EN) [+Info](#)**Woman's Art Journal, Primavera/Verán 2023 Vol 44 #1** (EN) [+Info](#)**Como séculos de sexismo excluiron ás mulleres da ciencia e como restablecer o equilibrio** (EN) [+Info](#)**A anonimización dual produce resultados prometedores para reducir os nesgos de xénero: un experimento de campo naturalista de aplicacións para o tempo do telescopio espacial Hubble** [+Info](#)

Un artigo de Stefanie K. Johnson e Jessica F. Kirk amosa como a anonimización da información, como o sexo, de quen solicita subvencións reduce os nesgos de xénero, especialmente nos revisores masculinos, que tenden a valorar as mulleres solicitantes significativamente peor que os homes.

**Mellorar a recompilación e o uso de datos administrativos sobre violencia contra as mulleres. Directrices técnicas globais** (ES/EN) [+Info](#)**Real decreto 669/2023, de 18 de xullo, polo que se regula o Distintivo de Igualdad de Xénero en I+D+I** [+Info](#)**Real decreto polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso aos ditos corpos** [+Info](#)**Equidade para as mulleres na ciencia. Desmantelando as barreiras sistémicas ao avance** (EN) [+Info](#)

Este traballo de Cassidy R. Sugimoto e Vincent Larivière é a primeira análise empírica a gran escala da fenda de xénero na ciencia, que mostra como a estrutura do traballo científico e as recompensas - publicacións, citas, financiamento- dificultan sistematicamente o avance profesional das mulleres. [Aquí](#) podes ler unha reseña do libro.

**Catálogo de referencia de políticas y servicios en materia de violencia contra las mujeres conforme a los estándares internacionales de derechos humanos** [+Info](#)

---

## NOVAS DO DUVI

---

Os ataques en liña contra as mulleres son cada vez máis visibles, coordinados, sofisticados e perigosos [+Info](#)

A Universidade pon en marcha un Punto Lila Virtual [+Info](#)

Unha xornada aborda a pornografía, a prostitución e os ventres de aluguer como formas de violencia contra as mulleres [+Info](#)

O CINBIO aposta polo fomento do emprendemento con perspectiva de xénero [+Info](#)

Unha xornada abordará a «discriminación múltiple e interseccional» das traballadoras especialmente vulnerables [+Info](#)

Convocada unha nova edición dos premios Sofía Novoa para traballos fin de grao e máster [+Info](#)

Filoloxía e Tradución debate sobre a resiliencia e resistencia na obra das escritoras contemporáneas [+Info](#)

Expertas de distintos ámbitos poñen o foco na importancia de incorporar a mirada de xénero á investigación tecnolóxica e industrial [+Info](#)

Ábrese unha nova convocatoria para que os centros obteñan o Distintivo de Igualdade [+Info](#)

---

## NOVAS

---

Datos: la ola de extrema derecha solo encuentra un dique en el voto femenino. [+Info](#)

Un hotel despediu a unha limpadora por baixar o seu rendemento días despois de enterrar á bebé que esperaba (ES) [+Info](#)

Os danos colaterais da endometriose: máis risco de cancro, dor crónica e infertilidade (ES) [+Info](#)

A conquista da igualdade (GA) [+Info](#)

«O sistema do 'sugar daddy' aumenta a prostitución entre mulleres moi novas que non son conscientes de seren explotadas» (GA) [+Info](#)

Cómo se organiza unha folga xeral feminista (ES) [+Info](#)

Nestas actividades que esixen estudos superiores os soldos están por baixo da media (ES) [+Info](#)

---

Estes sectores están copados por mulleres, mentres que aqueles con traballadores escasamente formados e retribucións por encima da media son maioritariamente de homes

O #Acabouse chega á música: decenas de mulleres denuncian abusos na industria musical (ES) [+Info](#)

Claudia Goldin, premio Nobel de Economía polos seus traballos sobre as mulleres e o mercado laboral (ES) [+Info](#)

Primeira vitoria contra os ventres de aluguer na Unión Europea (ES) [+Info](#)

Centos de mulleres israelís e palestinas maniféstanse pola paz (ES) [+Info](#)

A Comunidade de Madrid denega a bolsa comedor a nais solteiras por non constar o pai no libro de familia (ES) [+Info](#)

Premio Nobel de Medicina 2023: que é o ARN mensaxeiro polo que premiaron a Katalin Karikó e Drew Weissman (ES) [+Info](#)

Delegadas da CIG féchanse na Consellaría de Política Social para exixir un «convenio digno» no SAF (GA) [+Info](#)

Miles de persoas reclaman unha Europa feminista, antirracista ecoloxista e anticapitalista desde Granada (ES) [+Info](#)

Jaione Camborda fai historia como a primeira directora española en conquistar a Concha de Oro (ES) [+Info](#)

«As traballadoras do fogar son as escravas de Occidente» (ES) [+Info](#)

Os campus galegos, quintos pola cola en matrículas a tempo parcial en grao para conciliar (ES) [+Info](#)

## DATOS

---

Informe Global de Fenda de Xénero 2023 [+Info](#)

Observatorio de Igualdade da UVigo [+Info](#)

Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

Científicas en Cifras 2023 [+Info](#)

Boletín Estatístico Mensual da Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero [+Info](#)

**Observatorio Igualdade Emprego [+Info](#)**

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

**Centro de Datos para Defensoras e Defensores de Xénero [+Info](#)**

As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas (EN) [+Info](#)

**Mapeo do teito de cristal das rexións europeas [+Info](#)**

Institucións sociais e índice de xénero (EN) [+Info](#)

**FERRAMENTAS DE IGUALDADE**

Recursos contra as violencias machistas da UVigo [+Info](#)



Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo

En [Ourense](#) e [Vigo](#).

**CIM- Centros de Información ás Mulleres**

Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa Romil núm. 20  
986 293 963
- CIM Ourense. Rúa Ensino núm. 24  
988 393 191
- CIM Pontevedra. Praza José Martí, 3º andar  
900 119 741 e 986 864 825

Oficinas de atención á vítima (nas tres cidades)

[Cita previa](#)

Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas. FEGAMP, 2023 [+Info](#)

APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de violencia de xénero (ES) [+Info](#)

Guía de promoción da investigación sensible ao xénero [+Info](#)

Guía de actuación fronte á violencia machista [+Info](#)

Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista [+Info](#)

Lei de mellora da protección das persoas orfas vítimas da violencia de xénero [+Info](#)

Información do Estado sobre a violencia vicaria [+Info](#)

Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos [+Info](#)

Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328.  
Atención ás vítimas: 606 929 137.

Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2023](#)

Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. [Ano 2023](#)

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [Ano 2023](#)

Axudas para a atención integral a persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata. [Ano 2023](#)

Unha Unión da igualdade: Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025 [+Info](#)

Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)